

## éBiCi USC

éBiCi USC é un programa piloto de préstamo de bicicletas eléctricas da USC que está a poñer en funcionamento na cidade de Santiago de Compostela. Nun primeiro momento, ata o mes de abril de 2024, o programa funcionará como proba piloto co obxectivo de analizar o funcionamento do sistema, duración e distancia dos percorridos que realizan os usuarios, así como validez das bicicletas adquiridas para os usos típicos.

Os eixos do programa son:

### 1. Bicicletas eléctricas

O programa piloto conta con bicicletas eléctricas modelo ATOM DIAMOND WAVE PRO da marca BH ([ficha técnica](#)). Empregan unha batería que conta cunha autonomía de 60/80 quilómetros. Cada dispositivo conta cunha batería extra para facilitar a substitución e carga centralizada en dependencias diferentes ás estacións, asegurando o seu bo manexo, así como a correcta carga das mesmas, cuestións que afectan de xeito directo na súa vida útil e desempeño.

### 2. Estacións de cadeado e carga

éBiCi USC conta con 4 estacións instaladas para o programa piloto. Cada estación dá servizo a 10 dispositivos (cadeados) e conta con 10 enchufes. Todas elas se sitúan en espazos cubertos agás a situada ao carón da Biblioteca Concepción Arenal no Campus Sur:

Aulario Nóvoa Santos  
(CHUS)





Biblioteca Concepción Arenal  
(Campus Sur)



Facultade de Odontoloxía  
(Campus histórico)



Facultade de Filoloxía (Campus Norte)



### 3. Sistema de cadeado

Cada bicicleta está numerada e leva instalado un dispositivo que é o que serve para que interactúe coa estación. Este cadeado actívase e desactívase dende a aplicación do sistema.



Detalle dos cadeados do sistema éBiCi



Detalle dos cadeados do sistema éBiCi



#### 4. Aplicación móbil

éBiCi USC conta cunha aplicación (<https://usc-mobile.discomon.eu/home>) que facilita ás e aos usuarios a interacción co sistema. A través dela, as e os usuarios poden rexistrarse, consultar as bicicletas que hai en cada parada, así como os cadeados libres, informar de incidencias e consultar información sobre o programa de préstamo.